

# DOMINGO XVIII ORDINARIO

112.-

## PRIMEIRA LECTURA

### Comprade comida e comedo

Lectura do libro do profeta Isaías 55, 1-3

Así fala o Señor:

«¡Ouh, sedentos todos, vinde por auga!

Os que non tedes prata, vinde,

comprade comida e comedo,

vinde e comprade comida;

sen prata e sen diñeiro comprade viño e leite.

Porque cambiades prata polo que non é pan

e o voso xornal polo que non farta.

Escoitádeme ben:

comede ben e que a vosa gorxa se alegre coa graxa.

Baixade o oído e vinde onda min,

facédeme caso e revivirán as vosas ilusións,

pois pactarei convosco unha alianza eterna,

os beneficios de David que se manteñen firmes.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 144, 8-9. 15-16. 17-18 (R.: cf. 16)

R.: Abres ti a túa man, Señor, e dásnos fartura.

O Señor é clemente e compasivo,  
tardo á ira e rico en misericordia.

O Señor é bo para todos,  
agarimoso con tódalas súas obras. R.

Os ollos de todos están postos en ti,  
e dálle-lo sustento ó seu tempo.  
Abres ti a túa man,  
e dálle fartura a todo ser vivo. **R.**

O Señor é xusto en tódolos seus camiños,  
e santo en tódalas súas obras.  
O Señor está cerca dos que o chaman,  
dos que o chaman con sinceridade. **R.**

## SEGUNDA LECTURA

**Ningunha criatura nos poderá separar do amor de Deus,  
que se dá en Cristo**

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos **8, 35. 37-39**

Irmáns:

¿Quen nos pode arredar do amor de Cristo?: ¿a tribulación, a angustia, a persecución, a fame, a nudez, o perigo, ou a espada?

Pero en todas estas cousas vencemos coa axuda daquel que nos amou.

Porque estou seguro de que nin a morte nin a vida, nin os anxos nin os principados, nin o presente nin o porvir, nin as potestades, nin a altura nin o abismo, nin calquera outra criatura nos poderá afastar do amor que Deus nos ten en Cristo Xesús, noso Señor.

Palabra do Señor.

**Aleluia Mt 4, 4b**

*Se non se canta, pódese omitir.*

Aleluia, aleluia.

O home non vive só de pan,  
senón de toda palabra que procede da boca de Deus.

Aleluia.

## EVANXEO

### Comeron todos e saciáronse

#### + Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 14, 13-21

Naquel tempo, cando soubo Xesús da morte do Bautista, retirouse de alí nunha barca a un lugar deserto e arredado. En canto a xente o soubo, foino seguindo por terra desde as vilas. Así, cando desembarcaron, atopouse cun gran xentío. El, conmovido, curou a tódolos enfermos. Chegada a tarde, os discípulos foron onda el e dixéronlle:

—«O lugar está moi arredado e a hora moi avanzada: será mellor que despída-la xente para que vaian ás aldeas e merquen comida.»

Xesús díxolles:

—«Non precisan marchar, dádelles vós de comer.»

Eles responderon:

—«Aquí non temos máis ca cinco bolos de pan e mais dous peixes.»

Pero Xesús replicoulles:

—«Pois traédemos aquí.»

E mandando recostar á xente na herba, colleu os cinco bolos e mailos dous peixes, ergueu a mirada ó ceo, dixo a bendición, partiu os bolos e déullelos ós discípulos, que á súa vez llos pasaron á xente.

E comeron todos ata se fartaren, enchendo coas sobras doce cestas. Os que comeron eran uns cinco mil, sen contar mulleres nin nenos.

Palabra do Señor.

# DOMINGO XIX ORDINARIO

115.-

## PRIMEIRA LECTURA

### Mantente no monte diante do Señor

Lectura do libro primeiro dos Reis 19, 9a. 11-13a

En chegando Elías ó monte de Deus, o Horeb, abrogouse nunha cova.

Díxolle o Señor:

—«Sae de aí e fica de pé no monte, diante do Señor. Porque o Señor vai pasar.»

Nisto veu un rexo furacán, que fendía os montes e cuarteaba os penedos dediante do Señor. Mais non estaba o Señor no furacán.

Despois do furacán houbo un tremor de terra; mais tampouco no tremor de terra estaba o Señor.

Despois do tremor de terra veu un gran lume; mais non estaba no lume o Señor.

Despois do lume oíuse o murmurio dunha airexadiña suave. En canto Elías o sentiu, tapou a cara co manto, saíu fóra e ficou en pé, na entrada da cova.

Palabra do Señor.

**Salmo responsorial** Sal 84, 9ab-10. 11-12. 13-14 (R.: 8)

**R.:** Amósanos, Señor, a túa misericordia  
e dáno-la túa salvación.

Escoitarei o que di o noso Deus:

certamente o Señor fala de paz  
para o seu pobo e os seus amigos.

A salvación está xa preto dos que o temen,  
a gloria habitará na nosa terra. **R.**



A misericordia e a fidelidade atoparanse,  
abrazaranse a xustiza e maila paz.  
Na terra xermolará a fidelidade,  
a xustiza ollará desde o ceo. **R.**

O Señor ha da-lo seus bens,  
e a nosa terra vai da-los seus froitos.  
A xustiza camiñará diante del,  
e a salvación seguirá as súas pegadas. **R.**

## SEGUNDA LECTURA

### Optaría por ser anatema polos meus irmáns

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos **9, 1-5**

Irmáns:

Como discípulo de Cristo digo a verdade, non minto, e dáme disto testemuño a miña propia conciencia, alumada polo Espírito Santo: que teño moi grande dor e o meu corazón sofre seguido.

Quixera ser eu mesmo maldito, apartado de Cristo, por mor dos meus irmáns, os meus parentes de estirpe.

Eles son israelitas e a eles pertencen a adopción filial, a gloria e as alianzas, a lexislación, o culto e as promesas; a eles pertencen os patriarcas; e deles vén Cristo como home, que está por riba de todo, e que é Deus bendito polos séculos. Amén.

Palabra do Señor.

**Aleluia Sal 129, 5**

*Se non se canta, pódese omitir.*

Aleluia, aleluia.

Espero no Señor,  
espero na súa palabra.

Aleluia.

## EVANXEO

**Mándame que vaia onda ti, camiñando pola auga****+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 14, 22-33**

Despois de que a multitude comera a fartar, de seguida mandou Xesús ós seus discípulos que embarcasen e que fosen diante para a outra banda do mar, mentres el despedía a xente. Así que a despediu, subiu ó monte para orar el só, e alí colleuno a anoitecida.

Entrementres, a barca xa se arredara da ribeira moitos estadios e, como tiña o vento en contra, as ondas sacudíana.

Ó risca-lo día, Xesús foi cara a eles camiñando polo mar.

Cando os discípulos o viron camiñar polo mar, dicían asustados:

—«É unha pantasma.»

E, cheos de medo, empezaron a berrar.

De seguida faloulles Xesús dicindo:

—«Tranquilos, que son eu. Non teñades medo.»

Respondeulle Pedro:

—«Señor, se es ti, mándame que vaia onda ti, camiñando pola auga.»

El díxolle:

—«Ven.»

Baixou Pedro da barca, e púxose a camiñar pola auga, dirixíndose a Xesús. Pero, ó senti-lo vento forte, colleu medo, e cando empezou a afundirse, púxose a berrar:

—«¡Señor, sálvame!»

Axiña Xesús, dándolle a man, agarrouno e díxolle:

—«Home de pouca fe, ¿por que dubidaches?»

Ó subiren eles á barca, quedouse o vento. Os que estaban na barca, prostráronse perante el dicindo:

—«Realmente ti es Fillo de Deus.»

Palabra do Señor.

# DOMINGO XX ORDINARIO

118.-

## PRIMEIRA LECTURA

**Ós fillos de estranxeiro traereinos ó meu monte santo**

Lectura do libro do profeta Isaías 56, 1. 6-7

Así fala o Señor:

«Cumpride o dereito e practicade a xustiza,  
que a miña salvación está próxima a chegar  
e a miña xustiza está próxima a mostrarse.

E ós fillos de estranxeiro que se apegan ó Señor,  
servindo e amando o Nome do Señor, sendo os seus servos,  
a todo o que garde o sábado sen profanalo  
e ós que se manteñan firmes na miña Alianza,  
traereinos ó meu monte santo  
e alegrareinos na miña casa de oración.

Os seus holocaustos e os seus sacrificios  
servirán de ofrenda de amor sobre o meu altar.

Pois o meu templo chamarase casa de oración  
para tódolos pobos.»

Palabra do Señor.

**Salmo responsorial Sal 66, 2-3. 5. 6 e 8 (R.: 4)**

**R.:** Lóente os pobos, oh Deus, lóente tódolos pobos.

Deus teña piedade de nós e nos bendiga,  
faga brilla-lo seu rostro sobre nós.

Que se coñeza na terra o teu camiño,  
en tódolas nacións a túa salvación. **R.**

Alégrense e canten as nacións,  
 porque xúlga-los pobos rectamente  
 e na terra goberná-las nacións. **R.**

Lóente os pobos, oh Deus,  
 lóente tódolos pobos.  
 Que nos bendiga Deus e que o teman  
 os confíns todos do mundo. **R.**

## SEGUNDA LECTURA

### **Os dons e a chamada de Deus son irrevocables**

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos

**11, 13-15. 29-32**

Irmáns:

Isto dígovolo a vós, os xentís. E, como apóstolo que son dos xentís, fago gala deste ministerio, por ver se esperto celos nos da miña estirpe e podo así salvar a algúns deles.

Se o seu rexeitamento serviu de reconciliación para o mundo, ¿que será a súa acollida, senón a vida, que xorde dos mortos?

Pois os dons e a chamada de Deus son irrevocables. Pois do mesmo xeito que vós fostes noutrora desobedientes a Deus, e agora conseguíste-la misericordia pola desobediencia deles, así tamén eles agora non creron, para que, con ocasión da misericordia usada convosco, tamén eles acaden misericordia.

Porque Deus encerrou a tódolos homes na desobediencia, para se compadecer de todos.

Palabra do Señor.

**Aleluia Cf. Mt 4, 23**

*Se non se canta, pódese omitir.*

Aleluia, aleluia.

Xesús predicaba o Evanxeo do Reino,  
 e curaba tódalas enfermidades do pobo.

Aleluia.



## EVANXEO

**Ouh muller, ¡qué grande é a túa fe!**

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 15, 21-28

Naquel tempo, saíndo de alí, foi Xesús para a comarca de Tiro e Sidón. E apareceu unha muller cananea daqueles contornos, que berraba:

—«Compadécete de min, Señor, Fillo de David: a miña filla está atormentada por un demo.»

Pero el non respondeu palabra. Achegádoselle os seus discípulos, rogábanlle:

—«Despídea, que vén berrando detrás de nós.»

El contestoulles:

—«Non fun enviado máis que ás ovellas extraviadas da casa de Israel.»

Pero ela alcanzounos e, prostrándose, suplicoulle:

—«¡Señor, váleme!»

El respondeulle:

—«Non é ben quitárlle-lo pan ós fillos para llelo botar ós cadelos.»

Pero ela contestou:

—«Non é, Señor, non; pero tamén os cadelos comen das faragullas que caen da mesa dos seus amos.»

Entón respondeulle Xesús:

—«¡Muller, a túa fe é ben grande: fágase, logo, como desexas!»

E a súa filla ficou sa naquela hora.

Palabra do Señor.

# DOMINGO XXI ORDINARIO

121.-

## PRIMEIRA LECTURA

**Porei a chave da casa de David sobre o seu ombreiro**

Lectura do libro do profeta Isaías 22, 19-23

Así fala o Señor a Sobne, responsable do templo:

«Chimpareite do teu posto encumiado,  
botareite abaixo do teu pedestal.

Sucederá no día aquel, que chamarei polo meu servo,  
Eliaquim, fillo de Hilquías.

Farei que vista a túa túnica,  
e fortalecereino co teu cinguideiror  
e porei na súa man o teu posto de mando:  
será un pai para os habitantes de Xerusalén  
e para a casa de Xudá.

Porei a chave da casa de David sobre o seu ombreiro:  
abrirá, e non haberá quen feche;  
e fechará, e non haberá quen abra.

Cravarei a caravilla da súa tenda nun lugar seguro,  
e será trono de gloria para a casa de seu pai.»

Palabra do Señor.

**Salmo responsorial Sal 137, 1-2a. 2bc-3. 6 e 8bc (R.: 8bc)**

**R.:** A túa misericordia, Señor, é para sempre;  
non abandóne-la obra das túas mans.

Douche gracias, Señor, de todo corazón,  
hei cantar para ti diante dos anxos.  
Hei prostrarme cara ó teu santo templo.  
Dou gracias ó teu nome  
pola túa misericordia e a túa fidelidade. **R.**

Porque a túa promesa  
é máis grande cá túa sona.  
Cando te chamo, respóndesme  
e acrecénta-las miñas forzas. **R.**

O Señor é excelso,  
e pon os seus ollos no humilde,  
e coñece de lonxe o soberbio.  
A túa misericordia, Señor, é para sempre,  
non abandóne-la obra das túas mans. **R.**

## SEGUNDA LECTURA

**Del, por el e para el se fan tódalas cousas**

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos **11, 33-36**

¡Que fondura é a da riqueza, da sabedoría e do coñecemento de Deus! ¡Que inescrutables son os seus xuízos e inexplorables os seus camiños!

Pois ¿quen coñeceu a mente do Señor? Ou ¿quen foi o seu conselleiro? ¿Quen lle emprestou algo, para que El llo teña que devolver?

Tódalas cousas saíron del e existen por El e para El. A El a gloria polos séculos. Amén.

Palabra do Señor.

**Aleluia Mt 16, 18**

*Se non se canta, pódese omitir.*

Aleluia, aleluia.

Ti es Pedro,  
e sobre esta pedra edificarei a miña Igrexa,  
e as forzas do Inferno non prevalecerán en contra dela.  
Aleluia.

## EVANXEO

**Ti es Pedro, e a ti hei da-las chaves do Reino dos Ceos****+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 16, 13-20**

Naquel tempo, chegou Xesús á comarca de Cesarea de Filipo e facíalles esta pregunta ós seus discípulos:

—«¿Quen di a xente que é o Fillo do Home?»

Eles responderon:

—«Uns din que Xoán Bautista; outros, que Elías; outros, que Xeremías ou algún dos profetas.»

El insistiu:

—«E vós, ¿quen dicides que son eu?»

Respondeu Simón Pedro:

—«Ti e-lo Mesías, o Fillo de Deus vivo.»

E Xesús contestoulle:

—«Ditoso ti, Simón, Fillo de Xonás, porque non cho revelou nin a carne nin o sangue, senón meu Pai, que está nos ceos. E eu dígoche: Ti es Pedro, e sobre esta pedra vou edifica-la miña Igrexa, e as portas do inferno non prevalecerán en contra dela. Dareiche as chaves do Reino dos Ceos; todo o que ates na terra, ficará atado nos ceos; e todo o que desates na terra, ficará desatado nos ceos.»

E mandoulles ós discípulos que non dixesen nada de que el era o Mesías.

Palabra do Señor.



# DOMINGO XXII ORDINARIO

124.-

## PRIMEIRA LECTURA

### A palabra do Señor volveuse escarnio para min

Lectura do libro do profeta Xeremías 20, 7-9

Señor, seducíchesme e deixeime seducir;  
collíchesme e puideches comigo.

Sirvo a cotío de burla;  
a destrucción é o meu pan.

Sempre que falo, teño que proclamar: «¡Desastre!»;  
teño que clamar: «¡Destrucción!»

A palabra do Señor volveuse para min un escarnio,  
unha burla continua.

Se digo: «Non me vou acordar máis del,  
non falarei máis no seu Nome»,  
entón a súa palabra vólvese  
coma un lume abrasador no meu corazón,  
un lume prendido nos meus ósos;  
fago forza por apagalo, pero non son capaz.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 62, 2. 3-4. 5-6. 8-9 (R.: 2b)

R.: De ti ten sede a miña alma, Señor, meu Deus.

Deus, o meu Deus es ti, por ti madrugo,  
de ti ten sede a miña alma,  
por ti devece o meu corpo,  
coma terra reseca, sedenta, sen auga. R.

Miro cara a ti no santuario,  
 para ve-lo teu poder e a túa gloria.  
 A túa misericordia é preciosa máis cá vida,  
 lóante os meus labios. **R.**

Toda a miña vida hei bendicirte  
 levantando no teu nome as miñas mans.  
 Coma de graxa e manteiga, hei quedar satisfeito,  
 han loarte xubilosos os meus labios. **R.**

Ti e-lo meu auxilio,  
 á sombra das túas ás estou contento.  
 A miña alma está unida a ti,  
 abrigoume a túa destra. **R.**

## SEGUNDA LECTURA

### **Ofrecede os vosos corpos como oblación vivente**

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos **12, 1-2**

Rógovos, irmáns, pola misericordia de Deus, que ofrezáde-los vosos corpos como sacrificio vivo, santo, grato a Deus: coma o voso culto espiritual.

E non vos axustedes ó mundo presente: máis ben, transformádevos, pola renovación da mente, para que poidades coñecer cal é a vontade de Deus: o bo, o que lle agrada, o perfecto.

Palabra do Señor.

**Aleluia Cf. Ef 1, 17-18**

*Se non se canta, pódese omitir.*

Aleluia, aleluia.

Que o Pai do noso Señor Xesús Cristo  
 ilumine os ollos do voso corazón  
 para que saibamos cal é a esperanza da nosa vocación.  
 Aleluia.

## EVANXEO

### Se alguén quere vir comigo, renegue de si mesmo

#### + Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 16, 21-27

Naquel tempo, comezou Xesús a aclararlles ós seus discípulos que tiña que ir a Xerusalén, e que alí o ían facer padecer moito os anciáns, os sumos sacerdotes e os letrados; que o ían executar e que ó terceiro día había resucitar.

Pedro, colléndoo á parte, empezou a rifar con el, dicindo:

—«Deus te libre, Señor; a ti non che pasará nada diso de maneira ningunha.»

Pero el, volvéndose, díxolle a Pedro:

—«¡Arreda de min, Satanás! Ti es un tentador para min, porque non te deixas guiar por Deus senón polos homes.»

Entón díxolles Xesús ós seus discípulos:

—«Se alguén quere vir comigo, renegue de si mesmo, cargue coa súa cruz e sígame. Porque quen queira poñer a salvo a súa vida, perderaa; pero quen a perda por min, encontraraa.

Pois ¿de que lle serve ó home gaña-lo mundo enteiro se arruina a súa vida? E ¿que pode dar un home en troco pola súa vida?

Porque o Fillo do Home ha vir na gloria de seu Pai cos seus anxos; entón pagará a cadaquén conforme á súa conducta.

Palabra do Señor.

# DOMINGO XXIII ORDINARIO

127.-

## PRIMEIRA LECTURA

**Se non lle falas ó malvado, pedireiche contas do seu sangue**

Lectura do libro do profeta Ezequiel 33, 7-9

Así fala o Señor:

«¡Eh ti, fillo de Adán!:

a ti constituínte vixía para a Casa de Israel,  
vas escoitar da miña boca as palabras,  
e valos avisar da miña parte.

Cando eu lle diga ó malvado:

“Malvado, vas morrer”,  
se ti non lle falas para avisalo do seu destino,  
el, o malvado, morrerá pola súa culpa;  
pero a ti pediránseche contas do seu sangue.

Pero se ti avísa-lo malvado do seu destino  
para apartalo del, e el non cambia de conducta,  
el morrerá pola súa culpa  
pero ti salvara-la túa vida.»

Palabra do Señor.

**Salmo responsorial Sal 94, 1-2. 6-7. 8-9 (R.: 8)**

**R.:** ¡Oxalá escoitedes hoxe a voz do Señor!  
Non endurezáde-los vosos corazóns.

Vinde, cantémoslle ó Señor,  
aclamémo-la nosa rocha salvadora;  
acheguémonos á súa presenza dándolle gracias,  
aclamémolo con cancións. **R.**



Vinde, adorémolo prostrados,  
axeonllémonos perante o Señor, que nos creou,  
pois el é o noso Deus,  
e nós sómo-lo seu pobo, o rabaño que el guía.  
Oxalá escoitedes hoxe a súa voz. **R.**

Non endurezáde-los vosos corazóns, coma en Meribah,  
coma o día de Masah, no deserto,  
onde os vosos pais me tentaron:  
provocáronme, por máis que tiñan visto os meus feitos. **R.**

## SEGUNDA LECTURA

### A plenitude da lei é o amor

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos **13, 8-10**

Irmáns:

A ninguén lle debades nada, fóra de amarvos uns a outros, pois o que ama o próximo, ten cumprida a Lei.

Porque o «non adulterarás, non matarás, non roubarás, non cobizarás», e tódolos outros mandamentos, resúmense nestas palabras: «Amara-lo teu próximo coma a ti mesmo.»

Quen ama o seu próximo non lle fai mal.

Verdadeiramente o amor é o pleno cumprimento da Lei.

Palabra do Señor.

**Aleluia 2 Cor 5, 19**

*Se non se canta, pódese omitir.*

Aleluia, aleluia.

Deus estaba en Cristo reconciliando o mundo consigo,  
e poñendo en nós a mensaxe da reconciliación.

Aleluia.

## EVANXEO

**Se te escoita, lográche-lo teu irmán****+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 18, 15-20**

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

—«Se teu irmán peca, vai e repréndeo, pero ti con el só. Se te escoita, lográche-lo teu irmán. Se non te escoita, leva contigo aínda un só ou dous, de modo que pola palabra de dúas ou tres testemuñas todo o asunto quede resolto. Se tampouco a eles lles fai caso, dílo á comunidade; e se nin sequera á comunidade lle fai caso, sexa para ti coma un pagán ou un publicano.

Dígovolo de verdade: O que atedes na terra, será atado no ceo, e o que desatedes na terra, será desatado no ceo.

Dígovos aínda máis: Se dous de vós se poñen de acordo na terra para pedir calquera cousa, conseguirano do Pai meu, que está nos ceos. Porque onde están dous ou tres reunidos no meu nome, alí no medio deles estou eu.»

Palabra do Señor.

# DOMINGO XXIV ORDINARIO

130.-

## PRIMEIRA LECTURA

**Perdoa o próximo que che fai dano  
e concederáseche o perdón que pides**

Lectura do libro do Eclesiástico 27, 33—28, 9

Xenreira e asañamento son de aborrecer;  
o pecador é quen os posúe.  
Quen fai vinganza atoparase coa vinganza do Señor,  
pediralle razón estreita dos seus pecados.  
Perdóalle a inxuria ó teu próximo  
e entón ó pregares seranche perdoados os teus pecados.  
Home que lle garda a outro xenreira,  
¿como lle vai pedir ó Señor que o cure?  
De alguén que é coma el non se apiada,  
¿e vai rogar polos seus pecados?  
Se el, que é carne, mantén a ira,  
¿quen lle vai expia-las súas culpas?  
Pensa na fin e deixa de asañarte,  
recorda a corrupción e a morte e cumpre os mandamentos.  
Lembra os mandamentos e non rifes co próximo,  
recorda a alianza co Altísimo e non deas valor á falta.  
Tente lonxe das rifas e mingua-los pecados  
pois é o home iracundo quen acende as liortas  
e o home pecadento quen perturba os amigos  
metendo a disputa entre os que se levan ben.

Palabra do Señor.

**Salmo responsorial Sal 102, 1-2. 3-4. 9-10. 11-12 (R.: 8)**

**R.:** O Señor é misericordioso e clemente,  
tardo á ira e rico en mercés.

Alma miña, bendí o Señor  
 e todo o meu ser, o seu santo nome.  
 Alma miña, bendí o Señor,  
 non esqueza-los seus beneficios. **R.**

El perdoa as túas culpas  
 e sanda as túas doenzas;  
 rescata a túa vida da morte  
 e coróate de amor e de tenrura. **R.**

Non contende por moito tempo  
 nin se anoxa para sempre.  
 Non nos trata conforme os nosos erros  
 nin nos paga conforme as nosas culpas. **R.**

Canto se alza o ceo sobre a terra,  
 así é grande o seu amor para os que o temen;  
 canto dista o nacente do poñente,  
 así arreda de nós as nosas culpas. **R.**

## SEGUNDA LECTURA

### Vivamos ou morramos, somos do Señor

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos **14, 7-9**

Irmáns:

Ningún de nós vive para si, e ningún de nós morre para si.

Se vivimos, para o Señor vivimos; e, se morremos, para o Señor morremos; así que, vivamos ou morramos, somos do Señor.

Por iso mesmo morreu e resucitou Cristo: para dominar nos mortos e nos vivos.

Palabra do Señor.

**Aleluia Xn 13, 34**

*Se non se canta, pódese omitir.*

Aleluia, aleluia.

Douvos un mandamento novo, di o Señor;  
 que vos amedes uns a outros como eu vos ameí.  
 Aleluia.



## EVANXEO

**Non che digo que perdoes ata sete veces, senón ata setenta veces sete**

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 18, 21-35

Naquel tempo, achegándose Pedro a Xesús, preguntoulle:

—«Señor, ¿cantas veces terei que perdoar a meu irmán se me segue ofendendo? ¿Ata sete veces?»

Respondeulle Xesús:

—«Non che digo ata sete veces, senón ata setenta e sete.

Por iso, o Reino dos Ceos é semellante a un rei que quixo facelas contas cos seus servidores. Cando empezaba, presentóuselle un que lle debía varios millóns. E como non tiña con que pagar, o señor ordenou que o vendesen a el con muller, fillos e canto tiña, para que así lle pagase.

O servidor botóuselle ós pés e suplicáballe:

“¡Ten paciencia comigo, que cho hei pagar todiño!”

O señor tivo dó daquel home e deixouno marchar, perdoándolle toda a súa débeda. Pero, ó saír, o servidor aquel atopouse cun compañeiro que lle debía unha insignificancia e, agarrándoo pola gorxa, esganábao dicíndolle:

“Paga o que me debes.”

Botándose ós seus pés, o compañeiro suplicáballe:

“Ten paciencia comigo, que cho hei pagar todo.”

Pero non lle fixo caso e, aínda para máis, mandouno meter na cadea ata que lle pagase a débeda.

Os compañeiros, ó veren tal cousa, moi apesarados, fóronlle contar ó seu señor todo o que pasara. Entón o señor mandouno chamar e díxolle:

“¡Servidor malvado! Eu perdoeiche toda aquela débeda, porque mo pediches. ¿E logo non debías ti tamén compadecerte do teu compañeiro, como eu me compadecín de ti?”

E todo anoxado, o señor entregouno ós verdugos ata que lle pagase toda a débeda.

Así tamén fará convosco meu Pai celestial, se non perdoades de corazón cada un a seu irmán.»

Palabra do Señor.

# DOMINGO XXV ORDINARIO

133.-

## PRIMEIRA LECTURA

### Os meus plans non son os vosos plans

Lectura do libro de Isaías 55, 6-9

Buscade o Señor mentres se deixa atopar,  
invocádeo mentres está cerca.

Que o malvado deixe o seu vieiro,  
e que o home pecador deixe os seus plans,  
que se volva ó Señor para que teña misericordia del,  
que se volva ó noso Deus  
que ¡tanto engrandece ó perdoar!

Pois si, os meus plans non son os vosos plans,  
nin os vosos vieiros son os meus vieiros  
—é o Señor quen fala—.

¡Canto máis altos son os ceos cá terra!

Así son máis altos os meus plans cós vosos plans,  
e os meus vieiros cós vosos vieiros.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 144, 2-3. 8-9. 17-18 (R.: 18a)

R.: O Señor está cerca dos que o chaman.

Hei bendicirte cada día,  
hei loa-lo teu nome por sempre.  
Grande é o Señor e digno de loanza,  
a súa grandeza é insondable. R.

O Señor é clemente e compasivo,  
tardo á ira e rico en misericordia.  
O Señor é bo para todos,  
agarimoso con tódalas súas obras. R.

O Señor é xusto en tódolos seus camiños,  
e santo en tódalas súas obras.  
O Señor está cerca dos que o chaman,  
dos que o chaman con sinceridade. **R.**

## SEGUNDA LECTURA

### A miña vida é Cristo

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Filipenses

1, 20c-24. 27a

Irmáns:

Manifestarase a grandeza de Cristo na miña persoa, tanto que eu siga vivindo como que morra.

Porque para min a vida é Cristo; e morrer, unha ganancia.

Ora, como vivir neste mundo me permite traballar con proveito, non sei o que escoller. As dúas cousas tiran por min: quería morrer para estar con Cristo, pois é moitísimo mellor. Sen embargo, por mor de vós, cómpre que eu fique neste mundo.

Unha cousa só: mirade de vos comportar conforme ó Evanxeo de Cristo.

Palabra do Señor.

**Aleluia** Cf. Feit 16, 14b

*Se non se canta, pódese omitir.*

Aleluia, aleluia.

Abre, Señor, o noso corazón,  
para que comprendámo-las palabras do teu Fillo.  
Aleluia.

## EVANXEO

**¿Ou é que ti ves con mal ollo que eu sexa bo?**

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 20, 1-16a

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos esta parábola:  
—«O Reino dos Ceos parécese a un propietario que saíu pola



mañá cedo a contratar xornaleiros para a súa viña. Axustou con eles o xornal dun denario e mandounos á súa viña. Saíu outra vez á media mañá e atopou outros sen traballo na praza. E díxolles:

“Ide vós tamén á miña viña, e daréivo-lo xusto.”

Eles foron. De novo saíu polo mediodía e pola tarde, facendo o mesmo. Pero aínda volveu saír á tardiña, e atopando outros parados na rúa, díxolles:

“Pero, ¿que facedes aquí, todo o día sen traballar?”

Eles responderon:

“É que ninguén nos contratou.”

El díxolles entón:

—«Ide vós tamén á miña viña.»

Anoitecendo xa, díxolle o dono da viña ó administrador:

“Chama os xornaleiros e págalle-lo xornal: empézasme polos últimos e acabas polos primeiros.”

Chegan os da derradeira hora e dálles un denario a cada un. Cando chegaron os primeiros coidaron que lles darían máis, pero tamén recibiron cadanseu denario. Ó recibilo, murmuraban contra o propietario:

“Eses, os derradeiros, traballaron unha hora só e trátalos igual ca a nós, que aturámo-lo peso e a caloraza do día.”

Pero el replicoulle a un deles:

“Amigo, non che fago ningunha inxustiza. ¿Non axustamos un denario? Pois colle o teu, e vaite. E logo, se quero darlle ó último igual ca a ti, ¿non teño dereito a face-lo que quero co que é meu? ¿Ou é que ti ves con mal ollo que eu sexa bo?”

Así, dese mesmo xeito, os últimos serán os primeiros.»

Palabra do Señor.



# DOMINGO XXVI ORDINARIO

136.-

## PRIMEIRA LECTURA

**Cando o malvado se arrede da súa impiedade, salvará a súa vida**

Lectura do libro de Ezequiel 18, 25-28

Así fala o Señor:

«Comentades entre vós: “Non é xusto o proceder do Señor.”

Escoitade, Casa de Israel: ¿Non é xusto o meu xeito de comportarme? ¿Non é máis ben o xeito de vos comportardes vosoutros o que é inxusto?

Cando o xusto se aparta das súas obras de xustiza e comete iniquidades e morre debido a elas, morre debido ás iniquidades que el cometeu.

Cando o malvado se aparta da maldade que cometeu e practica o dereito e a xustiza, entón el consegue a vida.

Se cae na conta e se aparta da maldade que cometeu, vivirá de certo, non morrerá.»

Palabra do Señor.

**Salmo responsorial Sal 24, 4bc-5. 6-7. 8-9 (R.: 6a)**

**R.:** Lémbrate, Señor, da túa compaixón.

Amósame, Señor, os teus camiños,  
ensíname os teus sendeiros,  
diríxeme na túa verdade, apréndeme,  
que ti e-lo meu Deus salvador:  
todo o día te estou a esperar. **R.**

Lémbrate, Señor, da túa compaixón e da túa misericordia,  
pois existen desde sempre.

Dos erros e das culpas da miña mocidade non te lembres:

acórdade de min segundo a túa misericordia,  
pola túa bondade, Señor. **R.**

O Señor é bo e recto:  
por iso lles ensina o camiño ós pecadores;  
El dirixe na xustiza os humildes,  
e amósalle-lo seu camiño ós pobres. **R.**

## SEGUNDA LECTURA

**Tede entre vós os mesmos sentimentos que Cristo Xesús**

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Filipenses **2, 1-11**

Irmáns:

Se de algo vale o alento que recibides en Cristo, se vos anima o amor mutuo, se hai comunión no Espírito e se hai en vós sentimentos de agarimo e misericordia, facede completa a miña alegría, levádvos ben, tendo un mesmo amor, unha soa alma, unha mesma idea.

Non fagades nada á retesía nin por fachenda. Que cadaquén pense humildemente que os outros son máis ca el.

Non mirar cada un polo que lle ten conta a el, senón tamén polo que interesa ós outros.

Tede entre vós a mesma idea de Cristo Xesús.

El, con ser de condición divina,

non se agarrou con cobiza ó seu ser igual a Deus;

senón que se espiu do seu rango,

e asumiu a condición de escravo,

feito en todo semellante ós homes.

Presentándose coma un home calquera, abaixouse a si mesmo,

facéndose obediente ata á morte, e á morte na cruz.

Por iso tamén Deus o exaltou sobre todo

e lle concedeu un nome que está por riba de todo outro nome,

para que ó nome de Xesús se dobre todo xeonllo

no ceo, na terra e mais no abismo,

e toda lingua proclame que Xesús Cristo é o Señor

para gloria de Deus Pai.

Palabra do Señor.

---

Ou máis breve:

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Filipenses 2, 1-5

Irmáns:

Se de algo vale o alento que recibides en Cristo, se vos anima o amor mutuo, se hai comunión no Espírito e se hai en vós sentimentos de agarimo e misericordia, facede completa a miña alegría, levándovos ben, tendo un mesmo amor, unha soa alma, unha mesma idea.

Non fagades nada á retesía nin por fachenda. Que cadaquén pense humildemente que os outros son máis ca el.

Non mirar cada un polo que lle ten conta a el, senón tamén polo que interesa ós outros.

Tede entre vós a mesma idea de Cristo Xesús.

Palabra do Señor.

---

Aleluia Xn 10, 27

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

As miñas ovellas escoitan a miña voz, di o Señor;  
e eu coñézoas, e elas séguenme.

Aleluia.

## EVANXEO

**Arrepentido, foi.**

**Os publicanos e as prostitutas entrarán no Reino de Deus antes ca vós**

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 21, 28-32

Naquel tempo, díxolles Xesús ós sumos sacerdotes e ós anciáns do pobo:

—«¿Que vos parece? Un home tiña dous fillos. Foi onda o primeiro, e díxolle: “Meu fillo, vai traballar hoxe na viña.” El respondeu: “Non quero”; pero despois, arrepentido, foi.

Foise onda o outro e díxolle o mesmo. El respondeu: “Vou, señor”; pero non foi.

¿Quen dos dous fixo a vontade do pai?»

Respondéronlle:

—«O primeiro.»

Entón díxolles Xesús:

—«Asegúrovos que os recadadores e mailas prostitutas entrarán no Reino de Deus antes ca vós. Porque veu Xoán para vos ensinalo camiño da xustiza, e non lle fixestes caso; en cambio, os recadadores e mailas prostitutas, si que llo fixeron. Pero vós, aínda despois de ver aquilo, nin vos arrepentistes nin crestes.»

Palabra do Señor.